



PROCESO DE TRAMITACIÓN DAS LICENZAS FEDERATIVAS

A partir do próximo 27 de decembro coménzase coa recepción de licenzas para que a partir do día 2 de Xaneiro de 2017 xa se poida contar coa cobertura do seguro deportivo, tanto nos entrenos coma nas competicións oficiais.

Tanto as circulares de inscrición coma o resto de anexos necesarios para a mesma están a disposición dos atletas na web do clube www.completo.com no apartado [Informacion](#). Ademais adxuntanse ó e-mail xunto esta información.

A tramitación das licenzas faráse a través dunha plataforma on-line polo que preferiblemente enviar a documentación **dixitalizada**:

- Impreso **solicitud** de licenza asinada polo deportista, pai, nai ou titor.
- **Copia do DNI** do deportista. (Menores de idade- DNI do pai, nai ou titor. Se o menor non ten DNI enviará copia do libro de familia).
- **1 Foto tamaño carné.**
- **Resguardo bancario** do pago realizado (nos casos nos que se determina). O pago realizárase na conta bancaria do club con número [ES51 2080 0341 1030 4003 8243](#) indicando no concepto do mesmo: "licenza + nome do atleta".

Ademais, soamente no caso de que todavía non se entregase:

- Ficha de inscrición.
- Autorización para a cesión de datos e imaxe.
- Autorización para as saídas.

DEPORTISTAS DO CGTD

Dende a federación galega informan de que as licenzas dos/as deportistas becados no Centro Galego de Tecnificación Deportiva débense tramitar no primeiro día hábil de Xaneiro a través do programa.

A aquel do que non se teña a solicitude tramitaráselle a licenza como independente no día seguinte.

Nota*: A licenza surtirá efectos 10 días despois da recepción desta documentación na FEGATRI.

ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN:

Preferiblemente vía correo electrónico dirixido a inscripcion@completo.com adxuntando todos os documentos dixitalizados. Tamén pode ser enviada por correo ordinario ó seguinte enderezo Club Triatlón Arcade Inforhouse Santiago, Estadio de San Lázaro s/n (local Arcade Inforhouse), código postal 15703 de Santiago de Compostela, ou ben entregada no local do club no buzón habilitado ao efecto.

MOI IMPORTANTE: Non se tramitarán as licenzas se falta algún dos documentos requiridos.



PREZOS:

a) Sección Escola (Prebenxamín ata Cadetes, ambos incluídos):

A licenza é totalmente gratuita para os deportistas da escola, será financiada na súa totalidade polo Club, así como a inscrición na totalidade das probas do circuío galego (calendario FEGATRI) e naquelas probas populares que o director técnico da escola estime como necesarias no proceso de formación e adestramento. *Para o proceso de inscrición nas probas que non cubra o Club ler o apartado procedemento de inscrición deste mesmo documento.*

Os deportistas da escola deberán aboar una cuota mensual. Os datos referentes ó tipo de mensuralidade, horarios, pagos e cuantía das mesmas, así como as diferentes axudas establecidas dende o club, poden ser consultadas na web do club www.triatlonarcadeinforhouse.com na sección Formularios apartado Normativa Escola.

A partir do 1 de Xaneiro 2017 as cuotas variarán lixeiramente, tal e como se aprobou na Asamblea Ordinaria do 23 de decembro 2016.

Categoría	Ano	Cuota	Periodo
Prebenxamín	>2009	16	Setembro-Xullo
Benxamín	2007-2008	28	
Alevín	2005-2006	28	
Infantil	2003-2004	34	
Cadete	2000-2002	34	Todo ano

Descontos:

- ✓ Se hai 2 irmáns na escola cobrarase a metade da cuota do menor dos irmáns.
- ✓ Se hai 3 irmáns na escola será gratis a de menor cuantía.

Os deportistas deben adquirir o chándal do club edición 2014, polo que aboarán 27€ (o 50% do seu valor, o club financiará o resto).

b) Sección Tecnificación (sub 23 e Junior):

O custo da licenza será de 81 euros na categoría de sub 23 e 71 euros na categoría junior (prezos aprobados pola FEGATRI en Comisión Delegada o 21 de decembro de 2016) Ademais deberá adquirir o chándal do club edición 2014 no caso de non posuílo. O Club subvenciona o 25% do custo do chándal polo que o deportista deberá abonar 41€ pola adquisición do chándal.

As inscricións nas probas ós diferentes circuitos da federación galega serán asumidas polo club sempre e cando o director técnico de dita sección o considere preciso para o calendario competitivo e formativo do atleta. No caso das probas populares ou federadas que estean fóra do circuío (calendario FEGATRI), serán aboadas polo deportista, salvo naqueles casos que por criterios técnicos a xunta directiva e o director técnico da escola consideren algunha destas



CLUB TRIATLÓN ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO TEMPADA 2017



probas de interese relevante para clube ou para o conxunto de deportistas. *Para o proceso de inscrición nas probas que non cubra o Club ler o apartado procedemento de inscrición deste mesmo documento.*

Estos deportistas, polo seu carácter de tecnificación, poderán ser convocados para formar parte do equipo elite nalgunha das probas nacionais nas que se lles precise e de ser así e, ao igual que os elite, estarán obrigados a concurrir a dita convocatoria salvo en casos extraordinarios ou que por forza maior, e sempre que estean debidamente xustificados, non se poida acudir.

As cuota de adestramento deste grupo serán 12 mensualidades de 34 euros.

c) Sección Grupos de idade (Absoluto e veterán):

O prezo da licenza en Grupos de Idade será de 100 €. Este ano o desglose da licenza dos grupos de idade é o seguinte: 81€ en concepto de licenza (prezos aprobados pola FEGATRI en Comisión Delegada o 21 de decembro de 2016) e 19€ en concepto de tramitación de licenza e inscrición en probas.

***NOTA:** Será **obligatorio** a adquisición do chándal do club edición 2014 (55€) e o mono de competición (55€), para todos aqueles de nova incorporación ou que non posuan dito material. O pago pola roupa farase no momento da entrega de esta.

Para a adquisición do material é preciso enviar un e-mail detallando as prendas e tallas a equipación@triatlonarcadeinforhouse.com. Importante consultar a normativa respecto a equipación en competicións nas que se represente o club.

INSCRIPCIÓNS:

A categoría de grupos de idade terán aboados, por ter sacado a licenza co club, as inscricións nos campionatos galegos das modalidades que se relacionan a continuación, Duatlón Sprint Cross e Estrada (finais), Triatlón Sprint Cross e Estrada (finais) e Acuatlón. As inscricións nos clasificatorios dos respectivos circuitos terán que ser aboados polo deportista nun 50%, a porcentaxe restante será aboada polo Club. Nas populares ou as federadas que estean fóra do circuito galego ([calendario FEGATRI](#)) serán aboadas polo deportista na súa totalidade. *Para o proceso de inscrición nas probas que non cubra o Club ler o apartado procedemento de inscrición deste mesmo documento.*

As tarifas para este grupo serán 12 mensualidades que varían según a modalidade.

	Modalidade	Cuota
Absoluto e Veteráns	Completo	50
	Natación	36
	Iniciación	36



CLUB TRIATLÓN ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO TEMPADA 2017



d) Sección élite (masculina e feminina):

Outra das novidades de esta temporada será unha subdivisión dentro da categoría élite, diferencia entre élite A e élite B. A inclusión nun grupo ou outro estará condicionada a decisión da dirección técnica, no equipo masculino será Antón Ruanova e no feminino Pablo Leis, ambos xunto a aprobación da xunta directiva.

Os deportistas considerados élite A terán a licenza gratuítas, así como a inscrición a totalidade das probas organizadas polas federacións autonómicas e nacional aprobadas pola xunta directiva unha vez establecido o calendario pola FETRI, en base ao establecido xunto cos directores técnicos podendo ser modificadas ó longo da tempada en función de criterios técnicos.

No caso dos deportistas considerados élite B terán gratuíta a licenza e a inscrición en Campeonatos Autonómicos e en Campeonatos Nacionais, sempre que sexan convocados. As probas populares ou as federadas que estean fóra do circuíto galego (calendario FEGATRI) así como as probas nacionais restantes nas que non se xunte número suficiente para a puntuación por clubs, serán aboadas polo deportista. *Para o proceso de inscrición nas probas que non cubra o Club ler o apartado procedemento de inscrición deste mesmo documento.*

Obrigas da sección élite: Os compoñentes desta sección teñen que comprometerse ao cumprimento, salvo imposibilidade demostrada, naquelas probas que a dirección técnica estableza como necesarias para o programa élite 2017, o non cumprimento destas convocatorias significaría a perda do 50% dos incentivos na primeira falta e do 100% se houberse unha segunda ausencia non xustificada.

Todos os deportistas de esta sección deben cumprir con moito rigor a normativa do uso de equipación do club en competición oficiais.

Outra das achegas do equipo élite ao club deberá ser a participación na medida das súas posibilidades naquelas actividades de fomento, captación, ou formación que sexan organizadas dende o club.



PROCEDIMIENTO DE INSCRIPCIÓN

1. Notificación ó club

O deportista interesado en participar nalgunha proba do circuío galego deberá cubrir o formulario de solicitude na web do club no seguinte enlace [Formulario de Inscripcion](#) sempre antes do domingo previo a cada proba e indicando os seguintes datos:

-Nome da proba

-Nome e Apelidos do deportista

-Saída na que quere ser inscrito (en caso de haber varias)

-Resgardo do pagamento da proba na conta do club 2080-0316-23-3040013115, no caso que corresponda, que debe ser enviado o e-mail correo electrónico habilitado para iso, inscripcion@triatlonarcadeinforhouse.com. **Non se tramitarán as inscricións sen o xustificante de pago.**

2. Notificación ao deportista

O club enviará os luns previos a cada proba o borrador de listado de inscritos para confirmar que non falta ningún deportista.

En caso de que haxa algún interesado que non apareza no listado despois de solicitar ser inscrito, deberá enviar un correo á mesma dirección.

Do mesmo xeito, todo aquel deportista que non tivese solicitado inscrición no tempo e forma indicada, poderá enviar un correo ao club antes das 12:00h do martes para que a dirección técnica coa xunta directiva decidan ou non se fan efectiva a devandita inscrición.

3. Confirmación

Unha vez finalizado o prazo de inscrición o club enviará a todos os deportistas o listado definitivo de inscritos, ó cal non poderá realizarse ningunha alegación nin modificación.



EQUIPACION TRIATLÓN ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO

Comunicase a todos os deportistas con licenza en vigor do club Triatlón Arcade Inforhouse Santiago que a normativa a aplicar sobre o uso da equipación según se detalla a continuación:

1. Equipación en competición. O uso do mono oficial do club en competición, será obligatorio en todas aquelas probas oficiais do circuito galego e nacional de duatlón e triatlón tanto na modalidade cross como en estrada así como nas probas de acuatlón organizadas pola FEGATRI ou FETRI.
2. O mono oficial do club non será de uso obligatorio en probas de media e longa distancia sempre e cando o club non subvencione parte ou a totalidade da inscrición na prueba ou aporte algunha axuda significativa na mesma, como por exemplo el uso da furgoneta do equipo, a tramitación das inscricións ou cualquier outro aspecto que vincule directamente ó club e ó deportista coa proba en cuestión.
3. Aqueles deportistas que dispoñan xa dun mono de competición de anos anteriores non terán que adquirir o novo se non o desexan, salvo no caso do equipo élite que debe usar obrigatoriamente o último modelo cos patrocinadores vixentes.
4. No pódium, os deportistas deberán subir equipados co chándal do club ou ben coa equipación oficial de verano (polo e bermuda), pero en ningún caso sen a equipación oficial, co mono de competición o ben con outras prendas coa publicidade diferente a establecida na equipación oficial, como norma xeral.
5. Todas aquelas prendas e/o material da equipación oficial que o deportista reciba de xeito gratuito o ben subvencionada a través do club, será de obrigado uso en competicións oficiais, actos protocolarios e en calquer actividade que dende o club sexa considerada de interés deportivo, formativo e/ou promocional. No caso de perda/extravío ou deterioro do material que club entregue de xeito gratuito ou subvencionada, a reposición do mesmo correrá a cargo do deportista.
6. Patrocinadores individuais. No caso de que un deportista posua patrocinadores personales, en ningún caso podrán ser incorporados en el mono de competición.
A Xunta Directiva podrá, en todo caso, chegar a acordos individuais con cada deportista en función da repercusión que esos patrocinadores teñan ou non para con esta entidade.
7. Procedemento de pedido: O pedido tramitarase únicamente mediante o envío dun correo electrónico a equipacion@triatlonarcadeinforhouse.com indicando o nome completo do deportista a prenda especificando a talla. Ademáis no caso do mono especificar se o queren serigrafiado e o texto a poñer.
8. O catálogo de prendas do club, así como os prezos, estarán disponibles en la web do club, no seguinte en lace [Catalogo](#).
9. A recollida do material realizarase no local do club nas datas e horarios indicados no seu momento e será imprescindible o abono nese momento, descontándose do importe o valor dos puntos correspondentes a tempada inmediatamente anterior.
10. A priori faránse dous pedidos ó ano, un ó comenzo do curso escolar (outubro-novembro) e outro




CLUB TRIATLÓN ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO
TEMPADA 2017



en marzo-abril. Podránse realizar máis pedidos ademáis dos 2 anuais establecidos en función da demanda e cuando o número de prendas solicitadas sexa considerado suficiente por parte da Xunta Directiva.

11. En ningún momento entregarán pedidos ou poderá solicitar a entrega de material os adestradores ou personas que non estén relacionadas con esta función. Actualmente a persona responsable é Paloma Herbelo Hermelo. Rógase empregar o correo electrónico equipacion@triatlonarcadeinforhouse.com para calquer asunto relacionado coa roupa.

O incumprimento desta normativa conlevará a correspondente sanción establecida dende a Xunta Directiva e detallada na normativa de réximen interno do club.





BONO-MATERIAL

Consideracións xerais para tódalas seccións.

1. Cada punto equivale a 1 euro canxeable por material do catálogo de roupa. Nunca poderán ser canxeados polo equivalente en metálico.
2. Os puntos lógranse pola participación nas probas. O deportista debe aparecer na clasificación oficial da proba co tempo total invertido ou como NF (Non Finalizado) se sufriu algún percance que lle impediou completar a proba. Aqueles deportistas que figuren como NP (Non Presentado) non sumarán puntos para o bono material. Ademais sufrirán penalización se a falta non está debidamente xustificada.
3. Soamente se terán en conta as probas que figuren no calendario da FEGATRI para a correspondente tempada.
4. Os deportistas terán que figuren como membros do Club Triatlón Arcade Inforhouse Santiago e cumprir as normas respecto a equipación. Deben utilizar a equipación oficial do club para competir e a indumentaria axeitada para subir o podium no seu caso.
5. A publicación da lista oficial dos puntos obtidos polos deportistas terá lugar cando finalicen as probas do calendario da FEGATRI. (finais de Setembro-Outubro). Enviarase ós deportistas por e-mail e colgarase unha copia no local do club para que a súa consulta.
6. A partir dese momento se o deportista mantén a súa vinculación co club formando parte da escola ou dun dos grupos do adestramento pode canxear os puntos. Nos demais casos soamente se poderán canxear os puntos a partir da data na que se tramite a licenza deportiva co Club Triatlón Arcade Inforhouse Santiago para a seguinte tempada.
7. Os puntos non son acumulables. Finalizada a tempada seguinte da súa obtención quedarán anulados.

A. Sección Escola

No caso das categorías escolares entre prebenxamin e cadete, ambas incluídas, cada triatleta obterá 2 puntos pola participación en calquera das probas que figuren no calendario da FEGATRI sexan Duatlón, Triatlón ou Nada e Corre.

No caso dos cadetes que poidan participar nas probas do circuito galego de duatlón e triatlón ou probas populares aplicarase as mesmas normas que ós deportistas da sección de tecnificación.

B. Sección Tecnificación

Nas categorías junior e sub 23 asignaranse 2 puntos pola participación en calquera das probas que figuren no calendario da FEGATRI nas que o deportista asuma o custo da inscrición. No caso que o club pague a inscrición o deportista recibirá 1 punto pola súa participación.

C. Sección Grupos de Idade

Os deportistas que tramiten a licenza como grupos de idade recibirán 1 punto cada participación



CLUB TRIATLÓN ARCADE INFORHOUSE SANTIAGO

TEMPADA 2017



representado o club en probas de calquera das modalidades: Duatlón, cross ou estrada; Triatlón, cross ou estrada en distancia Sprint, Curta, Media ou Longa distancia xa sexan do circuito galego, probas populares e demais probas que figuren no calendario da FEGATRI. Nos casos en que o club abone a totalidade da inscrición quedan excluídos da bonificación por puntos para o bono material.

D. Sección Élite

Para os deportistas considerados elite A carece de sentido o bono material polo que quedan excluídos. Sen embargo os deportistas do grupo elite B acumularán puntos pola participación en competicións que figuran no calendario de FEGATRI nas que o deportista asuma o custe da inscrición. No caso de que algún deportista o longa da tempada, por requirimento do club, pase o grupo elite adquirindo os mesmos dereitos que estes deixará de computar puntos para o bono material.

8. Penalización. O feito de non presentarse as competicións nas que o club asume total ou parcialmente a cuota de inscrición restará 2 puntos. Nas probas en que o club xestiona a inscrición aínda que o deportista pague o total da cuota de inscrición restará 1 punto. Non se aplicará a penalización si a falta é xustificada e se comunica ó club ou os adestradores o antes posible.

En Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2016.

Xunta Directiva

Club Triatlón Arcade Inforhouse Santiago